



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Inclusión Social



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACCIÓNS DO PROGRAMA OPERATIVO ESTATAL DE INCLUSIÓN SOCIAL Y ECONOMÍA SOCIAL 2014-2020 DO FONDO SOCIAL EUROPEO

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

Arturo Parrado Puente, director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social

DECLARA:

Que esta Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Fundación Secretariado Gitano o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 30 de decembro do mesmo ano, cun período de xustificación de gastos comprenderá ata 30 de setembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o marco de cooperación entre a Consellería de Política Social e Fundación Secretariado Gitano para regular o marco de cooperación para o desenvolvemento de accións dirixidas ás minorías étnicas coa finalidade de promover a inclusión social a través de políticas activas centradas na loita contra a discriminación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que, dentro das prioridades Estratexia para a Inclusión Social de Galicia 2014-2020, se encontra a de financiar actuacións de acompañamento social a minorías étnicas.

O programa obxecto deste convenio, consistirá especialmente sobre materias de formación profesional ocupacional, orientación laboral, acompañamento no acceso ao emprego, accións de sensibilización dirixidas a empresarios, entes públicos e estudos e metodoloxías para aplicar aos programas. A Fundación Secretariado Gitano desenvolverá as seguintes actuacións:

- Mantemento de cinco dispositivos de intervención, coa finalidade de realizar accións de acollida, orientación, acompañamento e acceso de minorías étnicas, preferentemente á formación e ao emprego. Estes dispositivos estarán situados nos concellos de Coruña, Lugo, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela atenderán á poboación destes concellos así como a súa área de influencia.





- Desenvolvemento de accións de asesoramento e apoio dirixidas a impulsar políticas sociais máis activas con estas comunidades. Estas actuacións irán dirixidas ás entidades que traballan directamente con estes colectivos, tanto concellos como entidades de iniciativa social.

A instrumentación desta axuda por medio dun convenio de colaboración singular, reside na circunstancia de non existir outra entidade nesta comunidade autónoma que traballe con este colectivo prestándolle a atención profesionalizada que esixe nun ámbito territorial tan extenso e a Consellería de Política Social considera que a colaboración no mantemento destes servizos cumpre, indubidablemente, unha función de interés social e humanitario en consonancia co establecido pola Lei de Subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento da anterior

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 12 Maio 2017.

O director xeral de Inclusión Social

Arturo Parrado Puente

